



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS E A ASOCIACIÓN DE ENXEÑEIROS DE TELECOMUNICACIÓN DE GALICIA PARA A ELABORACIÓN DUN PROXECTO SOBRE A SITUACIÓN DA TELEVISIÓN DIXITAL TERRESTRE LOGO DA IMPLANTACIÓN DO SEGUNDO DIVIDENDO DIXITAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA

SUBSCRIBEN

Dunha parte, _____, secretaria xeral de Medios, en virtude do disposto na Disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Doutra parte, _____, Presidente da Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (en adiante AETG), en nome e representación da citada entidade, de acordo coas facultades que ten conferidas en virtude do artigo 24 dos Estatutos desta Asociación.

As partes recoñécense capacidade e competencia suficientes para formalizar o presente Convenio de colaboración, e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro. Secretaría Xeral de Medios

A estrutura e funcións da Secretaría Xeral de Medios establécense no Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

No seu artigo 3 establécese que *“A Secretaría Xeral de Medios é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia encargado de executar a política xeral da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación social, correspondéndolle o exercicio, entre outras, das funcións de dotación de infraestruturas no ámbito da comunicación e a implantación de redes propias de comunicación audiovisual e televisiva para a prestación de servizos que sexan competencia da comunidade autónoma, de acordo co establecido na Lei 7/2010, de comunicación audiovisual.”*

A Disposición adicional segunda deste Decreto establece que *“quedan desconcentradas nas persoas titulares das secretarías xerais dependentes da Presidencia, (...) as competencias: (...) administrar os créditos de gastos dos orzamentos do seu centro directivo. Aprobar e comprometer gastos (...), recoñecer as obrigas económicas e propoñer o seu pagamento, as demais competencias atribuídas ás persoas titulares das consellerías en materia orzamentaria, agás o capítulo I (...), todas as facultades que a normativa vixente na materia atribúe aos órganos de contratación, así como a formalización de convenios (...), a aprobación das bases, a convocatoria e as resolucións en materia de axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia (...).”*

Segundo. Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG)

1. A AETG é unha asociación sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia o 4.05.2004.

2. O artigo 3 dos seus estatutos establece que a asociación posúe un obxecto social que abrangue, entre outros, os seguintes fins:

- A contribución ao desenvolvemento e progreso da Comunidade Autónoma de Galicia a través da difusión e potenciación das telecomunicacións



- Atender as consultas que lle poidan ser feitas polo Estado, Organizacións Estatais, Administración Autónoma, Administración Central do Estado, Corporacións Oficiais ou particulares e enxeñeiros de telecomunicación, nas actividades relacionadas coas telecomunicacións.

- Manter informados das novidades e cuestións de interese no sector das telecomunicacións.

3. A AETG dispón dun equipo de traballo específico integrado por enxeñeiros de telecomunicacións con ampla experiencia no soporte centralizado para o correcto cumprimento destes fins e ten ademais un especial interese en coñecer a situación actual da televisión dixital terrestre en Galicia, tendo en conta o seu obxecto social. Para iso, porá ao servizo de todos os axentes implicados o seu coñecemento e experiencia co fin de executar un proxecto no que se analice o impacto do Segundo Dividendo Dixital terrestre no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro. Colaboración entre as partes.

1. A liberación do Segundo Dividendo Dixital supón un cambio significativo no ámbito do desenvolvemento das telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste senso a AETG e a Secretaría Xeral de Medios consideran de utilidade colaborar na elaboración deste proxecto que analice a situación actual da rede de extensión de cobertura da televisión dixital nos distintos concellos galegos afectados polo Segundo Dividendo Dixital.

Así mesmo, A Secretaría Xeral de Medios considera conveniente aproveitar os coñecementos e experiencia adquirida pola AETG grazas ás súas actuacións levadas a cabo no eido do 2º Dividendo Dixital no ámbito dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

En suma, existe un interese común entre as dúas partes por levar a cabo unha análise o máis exhaustiva posible sobre a situación da rede de extensión de cobertura da televisión dixital tras a liberación do 2º Dividendo Dixital nos concellos galegos, polo que se considera oportuno e beneficioso para o interese público que a AETG lle preste a súa colaboración á Secretaría Xeral de Medios, na realización destas actuacións.

2. As actuacións instrumentaranse a través da figura do convenio de colaboración coa AETG, non sendo posible promover a concorrência pública.

Na súa virtude, as partes asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Necesidade, oportunidade e obxectivo da actuación.

Unha vez rematado o proceso de liberación do Segundo Dividendo Dixital terrestre nas diferentes áreas xeográficas da Comunidade Autónoma de Galicia considérase necesaria a elaboración dun proxecto que analice a situación actual da rede de extensión de cobertura da televisión dixital nos concellos galegos afectados polo Segundo Dividendo Dixital.

Segunda. Obxecto.

Este convenio de colaboración ten como obxecto establecer as bases polas que se regulará a colaboración entre a Secretaría Xeral de Medios e a AETG para o desenvolvemento dun proxecto para analizar a situación actual da rede de extensión de cobertura de televisión dixital terrestre en Galicia, unha vez rematada a implantación do Segundo Dividendo Dixital na Comunidade Autónoma, de acordo co establecido na normativa europea e no Plan Técnico Nacional.

Terceira. Orzamento.

De acordo co orzamento elaborado pola AETG, o custo das actuacións previstas neste convenio ascende a un total de 40.827,35 euros, segundo a desagregación que figura no Anexo II do texto do convenio, que será sufragado coa achega de ambas as dúas partes.



O reparto de financiamento é o seguinte:

	Importe	%
AETG	6.269,04	15,355%
Secretaría Xeral de Medios	34.558,31	84,645%
Total	40.827,35	100,000%

A Secretaría Xeral de Medios comprométese a financiar un importe máximo de **34.558,31** euros á AETG para compensar parte dos custos nos que incorra para a realización das actividades derivadas deste convenio, sen que supoña enriquecemento ningún para esta entidade.

Esta achega impútase con cargo á aplicación orzamentaria 04.20.461B.640.0, correspondente a créditos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, na que existe crédito adecuado e suficiente.

Cuarta. Obrigas das partes.

1. Serán obrigas de ambas as partes:

- Determinar o departamento ou unidade directamente responsable do cumprimento dos fins do convenio, e sinalarase un coordinador ou interlocutor por cada entidade asinante.
- Coordinar e orientar conxuntamente as tarefas que son obxecto deste convenio e conformar a información ou documentación resultante.
- Sinalar e recoñecer a autoría do proxecto elaborado, que será de uso común para as partes asinantes dentro dos fins incluídos no contexto deste convenio.

2. Serán obrigas da Secretaría Xeral de Medios :

- Colaborar coa AETG para a elaboración da documentación de difusión, cos datos de que dispón a Administración Autonómica, en relación aos centros de extensión de cobertura de televisión nas zonas afectadas polo 2º Dividendo Dixital, a súa cobertura e poboacións afectadas, así como aquela outra información sobre o acceso ás infraestruturas e as actuacións a realizar por parte da AETG.
- Facilitar á AETG os medios tecnolóxicos específicos de acceso á información dos centros relacionados no Anexo I.
- Aboar o importe correspondente, logo da xustificación da execución total ou parcial das accións a desenvolver, e de acordo co establecido neste convenio para os pagamentos.

3. Serán obrigas da AETG:

- Realizar unha análise individual da situación actual dos centros de extensión de cobertura de televisión dixital terrestre relacionados no Anexo I, que será a base para a elaboración do informe final.
- Elaborar un informe final sobre a situación actual da rede de extensión de cobertura da televisión dixital terrestre na Comunidade Autónoma de Galicia logo da liberalización do 2º Dividendo Dixital.
- Gardar o debido segredo profesional e non divulgar o proxecto en execución deste convenio mais aló da necesaria difusión do instrumento asinado.
- Realizar labores de información respecto das consultas que os concellos poidan realizar en relación coa implantación do 2º Dividendo Dixital e divulgación de información por medios electrónicos.

**Quinta. Pagamento e xustificación.**

1. A Xunta de Galicia efectuará o pagamento da factura das actuacións obxecto deste convenio, logo da correspondente xustificación. A AETG deberá presentar xunto coa factura unha memoria xustificativa das actuacións realizadas no marco deste convenio, que incluírá:

- O informe final sinalado na letra b do punto 3 da cláusula cuarta.

- A documentación técnica correspondente ás visitas realizadas a cada un dos centros de extensión de cobertura do Anexo I.

2. A Orde do 26 de febreiro de 2015 pola que se regulan o Punto xeral de entrada de facturas electrónicas e o Rexistro Contable de Facturas da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que todas as facturas de importe superior a 5.000 euros presentaranse a través do Sistema Electrónico de Facturación da Xunta de Galicia (SEF), configurado como Punto xeral de entrada de facturas electrónicas

A entidade colaboradora deberá presentar a factura e a memoria xustificativa coas actuacións realizadas no Sistema Electrónico de Facturación da Xunta de Galicia (SEF).

O SEF proporcionará ao presentador un xustificante de recepción electrónica no cal constarán, como mínimo, a data e a hora de presentación, o órgano xestor destinatario e o número de asiento rexistral da factura. Así mesmo, incluírá un código seguro de verificación que permitirá en calquera momento validar ante o sistema a exactitude do documento.

O Rexistro Contable de Facturas estará integrado co SEF. A anotación no rexistro contable de facturas é requisito previo necesario para a tramitación do recoñecemento da obriga.

A información sobre este será a través das seguintes URL:

<http://conselleriadefacenda.es/factura> ou <http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/>

No proceso de carga das facturas electrónicas no SEF deben cumprimentarse os seguintes datos:

CONSELLERÍA:	Presidencia da Xunta de Galicia
ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:	Secretaría Xeral de Medios.
UNIDADE DE CONTRATACIÓN:	Servizo de Estudos e Coordinación de Medios
CIF:	S1511001H
CÓDIGO INTERNO SEF:	066
CÓDIGOS DIR3:	
CÓDIGO DA OFICINA CONTABLE:	A12009376
CÓDIGO DO ÓRGANO XESTOR:	A12024275
CÓDIGO DA UNIDADE TRAMITADORA:	GE0013715
DIRECCIÓN DA UNIDADE TRAMITADORA:	Edificio San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela
PUNTO DE ENTRADA AUTOMATIZADA DE DATOS (FACE):	http://conselleriadefacenda.es/factura http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/



Sexta. Avaliación e seguimento. Comisión de seguimento, vixilancia e control.

Co fin de realizar o seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión mixta de avaliación e seguimento, que será paritaria e estará integrada, como mínimo, por un representante da Secretaría Xeral de Medios e un representante da AETG. A comisión reunirase a petición de calquera das dúas partes.

Sétima. Vixencia. Prórroga.

O presente convenio estará vixente dende a data da súa sinatura e ata o 31 de outubro de 2020, e non será prorrogable.

Oitava. Causas de resolución.

Serán causas de resolución:

- a) O transcurso do tempo estipulado sen que se realizasen as actividades acordadas.
- b) O mutuo acordo das partes asinantes.
- c) O incumprimento de calquera das cláusulas que regulan o presente convenio de colaboración.

Novena. Modificación do convenio.

De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou, no caso de que este convenio teña carácter plurianual, a ampliación do seu prazo de execución.

De acordo co artigo 4.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia entenderase por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou superávit estrutural en termos de capacidade de financiamento acorde coa definición contida no sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

Decima. Relación laboral.

A subscrición do presente convenio non suporá a existencia dunha relación funcional, laboral ou de calquera outro tipo entre a Administración e o persoal da entidade colaboradora que vaia desenvolver as actividades, de maneira que non se lle poderá esixir á Xunta de Galicia ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

Decimo primeira. Publicación.

Os datos básicos relativos a este convenio serán publicados de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Décimo segunda. Protección de datos.

Ambas as partes asumen as obrigas que lles corresponden derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de



protección de datos) (DOUE L 119 di 4.5.2016), e pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O responsable do tratamento é a Secretaría Xeral de Medios e a finalidade do tratamento son as actividades necesarias para xestionar este convenio. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou en calquera das oficinas de Rexistro e información propias da Xunta de Galicia, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Contacto delegado de protección de datos de e información adicional: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

Décimo terceira. Réxime xurídico.

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e o resto de normativa aplicable.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente convenio deberán resolverse pola comisión mixta de avaliación e seguimento.

Contra as mesmas caberá interpor recurso contencioso administrativo diante da xurisdición contencioso administrativa.

Co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse, aplicaranse os principios recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2020.

A secretaria xeral de Medios	O Presidente da Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia
------------------------------	---



ANEXO I

Centros de extensión de cobertura da televisión dixital

Nº	Provincia	Concello	Área Xeográfica	Nome
1	A CORUÑA	AS SOMOZAS	CORUÑA NORTE	MONIÑOS
2	A CORUÑA	AS SOMOZAS	CORUÑA NORTE	SOMOZAS
3	A CORUÑA	BOIRO	DOMAIO	SANDRENZO
4	A CORUÑA	BOQUEIXÓN	CORUÑA SUR	GASTRAR
5	A CORUÑA	CABANA DE BERGANTIÑOS	CORUÑA NORTE	EIRITA
6	A CORUÑA	DUMBRÍA	CORUÑA SUR	LOGOSO
7	A CORUÑA	LOUSAME	CORUÑA SUR	FRUIME
8	A CORUÑA	LOUSAME	CORUÑA SUR	TÁLLARA
9	A CORUÑA	MAZARICOS	CORUÑA SUR	MONTE ARO
10	A CORUÑA	MAZARICOS	CORUÑA SUR	MONTE RUÑA
11	A CORUÑA	MUROS	CORUÑA SUR	LOURO
12	A CORUÑA	MUROS	CORUÑA SUR	SILVOSA
13	A CORUÑA	MUXÍA	CORUÑA SUR	A O
14	A CORUÑA	NEGREIRA	CORUÑA SURsa	NINARELLE
15	A CORUÑA	NEGREIRA	CORUÑA SUR	PEDREIRA
16	A CORUÑA	NOIA	CORUÑA SUR	MIROU
17	A CORUÑA	OUTES	CORUÑA SUR	CARLEO
18	A CORUÑA	OUTES	CORUÑA SUR	LOURIDO
19	A CORUÑA	PONTECESO	CORUÑA NORTE	CORME-ALDEA
20	A CORUÑA	PORTO DO SON	CORUÑA SUR	CARBALLOSA
21	A CORUÑA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	CORUÑA SUR	VERDÍA
22	A CORUÑA	SANTISO	CORUÑA SUR	BARAZÓN
23	A CORUÑA	SANTISO	CORUÑA SUR	MOURAZOS
24	LUGO	ABADÍN	PÁRAMO	LABRADA
25	LUGO	ABADÍN	PÁRAMO	MONTE NEDA
26	LUGO	BALEIRA	PÁRAMO	CORNEAS
27	LUGO	BECERREÁ	PÁRAMO	GATÍN
28	LUGO	BECERREÁ	PÁRAMO	NARON
29	LUGO	BÓVEDA	MEDA	BÓVEDA
30	LUGO	BÓVEDA	MEDA	RUBIÁN
31	LUGO	CARBALLEDO	MEDA	A BARRELA
32	LUGO	CASTRO DE REI	PÁRAMO	CASTRO DE REI
33	LUGO	CASTROVERDE	PÁRAMO	CASTROVERDE
34	LUGO	CASTROVERDE	PÁRAMO	FURÍS
35	LUGO	CERVANTES	PÁRAMO	DEGRADA
36	LUGO	CERVO	PÁRAMO	MONTE CASTELO
37	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	PÁRAMO	A TEIXEIRA





Nº	Provincia	Concello	Área Xeográfica	Nome
38	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	PÁRAMO	FERREIROS
39	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	PÁRAMO	MOSTAD
40	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	PÁRAMO	PARADA
41	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	PÁRAMO	PEDRA
42	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	PÁRAMO	VILAMOR
43	LUGO	FOZ	PÁRAMO	FAZOURO
44	LUGO	FOZ	PÁRAMO	NOIS
45	LUGO	GUITIRIZ	PÁRAMO	PARGA
46	LUGO	LUGO	PÁRAMO	LUGO GANDARAS
47	LUGO	MURAS	CORUÑA NORTE	XISTRAL
48	LUGO	NAVIA DE SUARNA	PÁRAMO	VILOR
49	LUGO	O INCIO	PÁRAMO	INCIO O HOSPITAL
50	LUGO	O SAVIÑAO	MEDA	MOURELOS
51	LUGO	O SAVIÑAO	MEDA	PESQUEIRAS
52	LUGO	OUROL	PÁRAMO	FABÁS
53	LUGO	PALAS DE REI	PÁRAMO	MONTE CASTRO
54	LUGO	PANTÓN	MEDA	FRONTÓN
55	LUGO	PEDRAFITA DO CEBREIRO	PÁRAMO	PADORNELO
56	LUGO	POL	PÁRAMO	POL
57	LUGO	QUIROGA	PÁRAMO	BENDILLÓ
58	LUGO	QUIROGA	PÁRAMO	SAN PEDRO DE LOR
59	LUGO	TRABADA	PÁRAMO	PENELA/TRABADA
60	LUGO	TRABADA	PÁRAMO	RIA DE ABRES
61	LUGO	VIVEIRO	PÁRAMO	AREA
62	LUGO	VIVEIRO	PÁRAMO	COVAS
63	LUGO	VIVEIRO	PÁRAMO	LANDROVE
64	LUGO	XERMADE	PÁRAMO	CABREIROS
65	LUGO	XERMADE	PÁRAMO	MOMÁN
66	OURENSE	A MERCA	MEDA	RUBILLÓS
67	OURENSE	A MEZQUITA	OURENSE ESTE	CHAGUAZOSO
68	OURENSE	A PEROXA	MEDA	VIÑOAS
69	OURENSE	A RÚA	MEDA	VILELA
70	OURENSE	A TEIXEIRA	MEDA	MONTOEDO
71	OURENSE	A VEIGA	OURENSE ESTE	VALDÍN
72	OURENSE	BALTAR	MEDA	QUINTA
73	OURENSE	BAÑOS DE MOLGAS	MEDA	MARZAS
74	OURENSE	BAÑOS DE MOLGAS	MEDA	PONTE AMBIA
75	OURENSE	BARBADÁS	MEDA	PIÑOR
76	OURENSE	BEADE	MEDA	AS REGADAS
77	OURENSE	BEARIZ	MEDA	LEBOZAN





Nº	Provincia	Concello	Área Xeográfica	Nome
78	OURENSE	BEARIZ	MEDA	LIÑARES
79	OURENSE	BOBORÁS	MEDA	BOBORAS/BRUES
80	OURENSE	BOBORÁS	MEDA	PAZOS
81	OURENSE	BOBORÁS	MEDA	XENDIVE
82	OURENSE	CALVOS DE RANDÍN	MEDA	CALVOS DE RANDIN
83	OURENSE	CALVOS DE RANDÍN	MEDA	FEAS
84	OURENSE	CALVOS DE RANDÍN	MEDA	VILAR(RANDIN)
85	OURENSE	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	MEDA	CASAI
86	OURENSE	CASTRELO DO VAL	OURENSE ESTE	CAMPOBECERROS
87	OURENSE	CASTRELO DO VAL	OURENSE ESTE	SERVOI
88	OURENSE	CASTRO CALDELAS	MEDA	O TESO
89	OURENSE	CASTRO CALDELAS	MEDA	SANTA TEGRA
90	OURENSE	CASTRO CALDELAS	MEDA	SAS DE PENELAS
91	OURENSE	CELANOVA	MEDA	ERMIDE - ACEVEDO
92	OURENSE	CHANDREXA DE QUEIXA	MEDA	CELEIROS
93	OURENSE	COLES	MEDA	MONTE DA PENA
94	OURENSE	ESGOS	MEDA	CANTEIRA
95	OURENSE	LAZA	OURENSE ESTE	MATAMÁ
96	OURENSE	LOBEIRA	MEDA	LOBEIRA
97	OURENSE	LOBIOS	MEDA	GROU
98	OURENSE	LOBIOS	MEDA	RIBAS DE ARAUXO
99	OURENSE	LOBIOS	MEDA	RIOCALDO I
100	OURENSE	MANZANEDA	OURENSE ESTE	LANGULLO
101	OURENSE	MONTEDERRAMO	MEDA	MONTEDERRAMO
102	OURENSE	MONTEDERRAMO	MEDA	VILARIÑO FRIO
103	OURENSE	MUÍÑOS	MEDA	MAUS DE SALAS
104	OURENSE	MUÍÑOS	MEDA	XERMEADE
105	OURENSE	NOGUEIRA DE RAMUÍN	MEDA	LUINTRA
106	OURENSE	O BOLO	OURENSE ESTE	AS ERMITAS (RIBODEPÓ)
107	OURENSE	O CARBALLIÑO	MEDA	O CARBALLIÑO
108	OURENSE	O IRIXO	MEDA	PARADA
109	OURENSE	O PEREIRO DE AGUÍAR	MEDA	A DERRASA
110	OURENSE	O PEREIRO DE AGUÍAR	MEDA	CACHAMUÍÑA
111	OURENSE	O PEREIRO DE AGUÍAR	MEDA	MELIAS
112	OURENSE	OÍMBRA	OURENSE ESTE	OIMBRA
113	OURENSE	OURENSE	MEDA	REZA
114	OURENSE	OURENSE	MEDA	STA. CRUZ
115	OURENSE	PADRENDA	MEDA	CRESPOS
116	OURENSE	PADRENDA	MEDA	FRIEIRA
117	OURENSE	PADRENDA	MEDA	PONTEBARXAS





Nº	Provincia	Concello	Área Xeográfica	Nome
118	OURENSE	PIÑOR	MEDA	MAGDALENA
119	OURENSE	QUINTELA DE LEIRADO	MEDA	XACEBÁNS
120	OURENSE	RAMIRÁS	MEDA	RAMIRÁS
121	OURENSE	RIÓS	OURENSE ESTE	CORTEGADA
122	OURENSE	RIÓS	OURENSE ESTE	RIÓS/CASTRELO DE ABAIXO
123	OURENSE	RIÓS	OURENSE ESTE	VEIGA DO SEIXO
124	OURENSE	SAN CIBRAO DAS VIÑAS	MEDA	PAZOS S. CLODIO
125	OURENSE	SAN CRISTOVO DE CEA	MEDA	CONFURCO
126	OURENSE	SAN XOÁN DE RÍO	MEDA	BIOCOS
127	OURENSE	SARREAUS	MEDA	SARREAUS
128	OURENSE	TOÉN	MEDA	ALONGOS
129	OURENSE	TOÉN	MEDA	MOREIRAS
130	OURENSE	TOÉN	MEDA	OUTEIRO (XESTOSA)
131	OURENSE	TOÉN	MEDA	PAREDES
132	OURENSE	VEREA	MEDA	BANGUESES
133	OURENSE	VERÍN	OURENSE ESTE	FECES
134	OURENSE	VERÍN	OURENSE ESTE	MANDÍN
135	OURENSE	VIANA DO BOLO	OURENSE ESTE	FORNELOS
136	OURENSE	VIANA DO BOLO	OURENSE ESTE	HUMOSO
137	OURENSE	VILAMARÍN	MEDA	VILAMARÍN
138	OURENSE	VILAR DE BARRIO	MEDA	ARNUIDE
139	OURENSE	VILAR DE BARRIO	MEDA	PRADO
140	OURENSE	VILARDEVÓS	OURENSE ESTE	REXOSENDE
141	OURENSE	VILARDEVÓS	OURENSE ESTE	TERROSO
142	OURENSE	VILARDEVÓS	OURENSE ESTE	VILARDEVÓS
143	OURENSE	VILARIÑO DE CONSO	OURENSE ESTE	PRADOALBAR
144	OURENSE	XINZO DE LIMIA	MEDA	PENA
145	PONTEVEDRA	A CAÑIZA	DOMAIO	COUTO
146	PONTEVEDRA	A CAÑIZA	DOMAIO	SANTIAGO DE PARADA
147	PONTEVEDRA	A GUARDA	DOMAIO	CAMPOSANCOS
148	PONTEVEDRA	A LAMA	DOMAIO	CERNEDO
149	PONTEVEDRA	AGOLADA	CORUÑA SUR	ORREA
150	PONTEVEDRA	CANGAS	DOMAIO	PINTENS
151	PONTEVEDRA	CERDEDO	DOMAIO	CARBALLÁS
152	PONTEVEDRA	COTOBADE	DOMAIO	PAZOS
153	PONTEVEDRA	COVELO	DOMAIO	COVELIÑO
154	PONTEVEDRA	CRECENTE	DOMAIO	ALBEOS
155	PONTEVEDRA	CRECENTE	DOMAIO	FILGUEIRA
156	PONTEVEDRA	FORCAREI	DOMAIO	CASANOVA





Nº	Provincia	Concello	Área Xeográfica	Nome
157	PONTEVEDRA	FORNELOS DE MONTES	DOMAIO	CALVOS
158	PONTEVEDRA	FORNELOS DE MONTES	DOMAIO	VENTÍN
159	PONTEVEDRA	GONDOMAR	DOMAIO	CHAÍN
160	PONTEVEDRA	LALÍN	CORUÑA SUR	ZOBRA
161	PONTEVEDRA	MARÍN	DOMAIO	SAN XULIAN
162	PONTEVEDRA	MEAÑO	DOMAIO	MEAÑO
163	PONTEVEDRA	NIGRÁN	DOMAIO	CAMOS
164	PONTEVEDRA	O PORRIÑO	DOMAIO	CANS
165	PONTEVEDRA	O ROSAL	DOMAIO	XEIXÁN
166	PONTEVEDRA	OIA	DOMAIO	ACEVEDO
167	PONTEVEDRA	OIA	DOMAIO	AS MARIÑAS
168	PONTEVEDRA	OIA	DOMAIO	TORROÑA
169	PONTEVEDRA	PAZOS DE BORBÉN	DOMAIO	BORBÉN
170	PONTEVEDRA	PONTE CALDELAS	DOMAIO	PAZOS
171	PONTEVEDRA	RODEIRO	CORUÑA SUR	RODEIRO
172	PONTEVEDRA	SALCEDA DE CASELAS	DOMAIO	PICOÑA
173	PONTEVEDRA	SILLEDA	CORUÑA SUR	OUTEIRO - CAMEIXA
174	PONTEVEDRA	SILLEDA	CORUÑA SUR	PEDROUZO
175	PONTEVEDRA	TOMIÑO	DOMAIO	GÁNDARA
176	PONTEVEDRA	TOMIÑO	DOMAIO	TEBRA
177	PONTEVEDRA	TUI	DOMAIO	MATELO
178	PONTEVEDRA	VALGA	DOMAIO	VALGA
179	PONTEVEDRA	VIGO	DOMAIO	BEMBRIVE
180	PONTEVEDRA	VIGO	DOMAIO	MARCOSENDE
181	PONTEVEDRA	VIGO	DOMAIO	PRIEGUE
182	PONTEVEDRA	VILABOA	DOMAIO	BERTOLA



ANEXO II

ORZAMENTO DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS

ACTUACIÓNS A REALIZAR NO MARCO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS E A ASOCIACIÓN DE ENXEÑEIROS DE TELECOMUNICACIÓN DE GALICIA PARA A ELABORACIÓN DUN PROXECTO SOBRE A SITUACIÓN DA TELEVISIÓN DIXITAL TERRESTRE LOGO DA IMPLANTACIÓN DO SEGUNDO DIVIDENDO DIXITAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA

ANÁLISE DOS DATOS E ELABORACIÓN DO PROXECTO	IMPORTE TOTAL CON IVE
Traballos de análise dos datos recadados nas visitas realizadas por parte dos enxeñeiros da AETG e elaboración dun informe final sobre a situación da rede de extensión de cobertura da televisión dixital terrestre en Galicia logo da liberalización do 2º Dividendo Dixital. Creación e habilitación dun banner na web da AETG con información sobre o 2º Dividendo Dixital.	
TOTAL PROXECTO	6.269,04

ACTUACIÓNS PREVIAS	Nº VISITAS	IMPORTE POR VISITA	IMPORTE TOTAL SEN IVE	IVE	IMPORTE TOTAL CON IVE
Visitas presenciais in situ e elaboración da documentación técnica dos centros de extensión de cobertura do Anexo I, por parte dos enxeñeiros da AETG, incluíndo todos os gastos necesarios así como de organización, coordinación e supervisión para levar a cabo estas visitas.	182	156,9266	28.560,59	5.997,72	34.558,31

TOTAL ACTUACIÓNS	40.827,35
-------------------------	------------------